

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE

LINGUA GALEGA E LITERATURA

CPI PLURILINGÜE DE VEDRA

CURSO 2018-2019

Índice de contidos

1.- INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
MARCO LEXISLATIVO.....	4
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA. Obxectivos xerais da etapa.....	6
2.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO	
DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	7
A LINGUA GALEGA NO DESEÑO CURRICULAR BASE:.....	10
3.- OBXECTIVOS XERAIS.....	11
4.- PRIMEIRO CURSO.....	12
4.1.-OBXECTIVOS.....	12
4.2.-CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.....	14
4.3.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. TEMPORALIZACIÓN. CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.....	18
4.4.-PLAN LECTOR.....	39
5.- SEGUNDO CURSO.....	40
5.1.- OBXECTIVOS XERAIS.....	40
5.2.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. TEMPORALIZACIÓN. CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.....	43
5.3.-PROXECTO LECTOR.....	81
6.- TERCEIRO CURSO.....	81
6.1.-OBXECTIVOS.....	81
6.2.-CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.....	82
6.3.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. TEMPORALIZACIÓN. CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.....	90
6.4.-METODOLOXÍA.....	104
6.5.-PLAN LECTOR.....	104
7.- CUARTO CURSO.....	104
7.1.- OBXECTIVOS DA MATERIA.....	104
7.2.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. TEMPORALIZACIÓN. CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.....	106

7.3.-PLAN LECTOR.....	134
8-CRITERIOS XERAIS.....	135
I.-METODOLOXÍA.....	135
II.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. REFORZO E AMPLIACIÓN.....	136
III.- PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES. TRANSVERSALIDADE.	139
IV.-MATERIAIS CURRICULARES.....	140
V.-PROXECTO LECTOR.....	140
VI.-PLAN DAS TIC.....	140
VII.-PROGRAMA DE REFORZO.....	141
-RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE do curso anterior.....	141
PROGRAMA ESPECÍFICO PARA O ALUMNADO REPETIDOR.....	141
VIII.-DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR SEGUNDO OS SEUS RESULTADOS.	
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	142
IX.- CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	142
X.-EXAME EXTRAORDINARIO DE SETEMBRO.....	143
XI.-ACTIVIDADES CURRICULARES, COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	143
XII.-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.	
PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	144
XIII- ACCIÓNS PARA A CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA..	148
XIV- RELACIÓN COAS DIRECTRICES DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.....	148
XV- VERIFICACIÓN DE CUMPRIMENTO CO ESTABLECIDO NO CURRÍCULO (VERIFICACIÓN DE IDONEIDADE).....	148
XVI- PROFESORADO QUE IMPARTE A MATERIA.....	148

1.- INTRODUCCIÓN

A materia de Lingua galega e literatura na ESO oriéntase tanto á aprendizaxe instrumental do idioma como á comprensión da realidade lingüística de Galicia, co obxecto de desenvolver nos escolares, ademais do uso correcto, unha actitude de aprecio pola sensibilidade cara á lingua galega e a súa aceptación social.

É conveniente, nesta etapa, asumir a bagaxe lingüística do alumnado como punto de partida desde o que suxerir e achegar modelos normativos que amplíen as súas capacidades de comunicación, esa é a finalidade fundamental, o desenvolvemento da **competencia comunicativa**. O seu obxectivo primordial é garantir que, ao final desta etapa educativa, o alumnado sexa capaz de interaccionar adecuadamente nas situacións de comunicación fundamentais dos ámbitos escolar, social, cultural e profesional; que comprenda a diversidade de mensaxes orais e escritas con que se vai atopar ao longo da súa vida adulta e que sexa quen de producilas coa debida corrección lingüística, con creatividade e adecuación ao contexto en que se realiza a comunicación.

A lingua é unha das ferramentas fundamentais que vai utilizar o alumno/a:

- para relacionarse en sociedade
- para adquirir novos coñecementos e entender a realidade
- para analizar criticamente a información
- para xerar e difundir ideas e opinións
- para expresar a súa afectividade e regular as súas emocións.

Este punto de partida non é alleo á análise e á comprensión do medio sociolingüístico en que viven os alumnos nin aos factores (socioeconómicos, culturais, etc.) que interveñen nel. Polo tanto, partindo das aprendizaxes adquiridas na Educación Primaria, a ESO debe favorecer o uso funcional da lingua como instrumento de comunicación e de representación, pero tamén a conciencia crítica sobre a situación do idioma e a súa permanencia histórica. Agora ben, o fomento do uso (procedementos) e do aprecio (actitudes) deberá constatarase, obxectivamente, na práctica e nos coñecementos teóricos de alumnos e alumnas.

En consecuencia, a aprendizaxe de Lingua galega e literatura na ESO estará orientada a un triplo obxectivo: o progreso do alumnado no dominio das destrezas instrumentais (escoitar, falar, ler e escribir) e dos coñecementos teóricos xa adquiridos na Educación Primaria, o coñecemento histórico e a comprensión crítica da evolución e da realidade actual da lingua e o coñecemento da literatura galega (etapas, autores e obras), como manifestación dunha cultura diferenciada e como referente para as súas propias producións.

A formación lingüística ten un carácter continuo ao longo das diversas etapas educativas e non existen tanto diferenzas de contidos, canto diferenzas na intensidade con que se traballan. Malia esa dificultade, derivada do carácter progresivo na aprendizaxe dunha lingua, na proposta optouse por presentar contidos separados para cada curso, aínda que na práctica destrezas e coñecementos comparezan conxuntamente. Consideramos importante que a aprendizaxe da lingua oral e da lingua escrita se efectúen en estreita relación, xa que se apoian mutuamente, e as deficiencias na primeira (mala entoación, pobreza léxica, incoherencia etc..) aparecen reflectidas na segunda. Así pois, o traballo basearase en actividades interdependentes e complementarias relacionadas coa comprensión e a expresión de enunciados orais e a comprensión e a produción de textos escritos.

A reflexión sobre o código, como base para o uso práctico, semella a fórmula máis axeitada para conseguir a competencia comunicativa oral e escrita do alumnado, que deberá incluír os inevitables aspectos teóricos. Consideramos importante, para mellorar o uso oral e escrito, a adquisición do léxico patrimonial, para o que se inclúen campos léxicos aglomerados arredor de catro eixes temáticos (a persoa, as relación sociais, o territorio e a natureza, e as institucións, as tradicións e os costumes), que non exclúen outros.

A incorporación ao estudo da materia do importante papel que os medios de comunicación teñen na sociedade actual achega novas técnicas de traballo (procura de información en redes informáticas, uso dos correctores ortográficos, etc.) que veñen sumarse ás estratexias tradicionais (uso dos dicionarios, bibliotecas, etc.). E, nesa aprendizaxe multifuncional da lingua, ten un papel de relevo a dimensión estética que representa a literatura. O camiño máis axeitado para achegarse a ela é a lectura, como fonte de pracer e de formación, a partir de textos que resulten de interese para alumnas e alumnos.

Todas as materias do currículo da Educación Secundaria Obrigatoria precisan da linguaxe, tanto para seren transmitidas como para seren adquiridas. En consecuencia, desenvolver as capacidades lingüísticas, e os obxectivos da materia, non debe ser responsabilidade exclusiva do profesorado de Lingua galega e literatura, senón preocupación compartida por todo o equipo educativo.

CONTEXTUALIZACIÓN.

O CPI Plurilingüe de Vedra é o único centro de ensino secundario do concello de Vedra. Sendo este un concello fundamentalmente rural, sendo o alumnado galegofalante na súa inmensa maioría. Se ben, nos últimos anos detectamos que medraban actitudes negativas cara á lingua dunha pequena parte do alumnado, consideramos que forman parte do elenco de prexuízos sobre a viabilidade do galego que se observa na nosa sociedade. Estes prexuízos aumentan curso a curso, fornecidos pola falta de apoio institucional para impulsar medidas serias que freen a sangría de falantes, que apoiem o labor dos Equipos de Normalización Lingüística ou que visibilicen a lingua a través dos medios de comunicación de masas.

O contexto sociolingüístico do noso centro é galegófono no rexistro coloquial, pero atopámonos cunha maior corrección na expresión escrita en español e unha maior preferencia por realizar lecturas tamén nesa lingua. O argumento que o alumnado emprega para explicar esta situación diglósica é que aprenderon a ler e a escribir en castelán.

Dado este contexto, consideramos un obxectivo fundamental para o noso Departamento Didáctico a loita contra os prexuízos lingüísticos desde unha óptica *proactiva* que sitúe ao alumnado como aprendices plurilingües, para que sexan quen de ver a riqueza que supón a aceptación da diversidade como un reforzamento da propia identidade. Ser competente na lingua propia significa saber utilizar esa lingua en todos os ámbitos e situacións de xeito adecuado, e isto implica derrubar prexuízos lingüísticos. En consecuencia, deberemos prestar unha atención especial aos contidos relacionados coa Historia da Lingua e a Sociolingüística, para un mellor desenvolvemento da competencia plurilingüe. Para isto, buscaremos unha adecuada coordinación cos outros Departamentos Lingüísticos na procura de estratexias que nos permitan abordar determinados contidos desde a óptica da Lingua Galega como lingua minorizada no seu propio territorio; non perderemos de vista o obxectivo común que é impulsar a necesaria normalización lingüística para vencer as dificultades da menor presenza e repercusión social do galego, motivadas en moitos casos por eses prexuízos que, como docentes de linguas, nun mundo multicultural e plurilingüe, temos a obriga de desmontar e derrubar.

MARCO LEXISLATIVO

Esta Introducción, así como a presente Programación Didáctica, ten como marco de referencia:

- LO 2/2006, do 3 de maio, redacción da Lei 8/2013, do 9 decembro, para a mellora da calidade educativa. RD 1105/2014, do 26 de decembro que establece o currículo básico de ESO e Bach.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo de ESO e Bach en Galicia. E a resolución do 27-7-15 (DOG do 29), coas instrucións para a implantación no curso 2015-16 en 1º e 3º de ESO.

RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 22 de maio de 2018).

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato

Terase en conta o decreto 229/2011 en canto á atención á diversidade.

Á hora de avaliar seguirase a orde do 21 de decembro de 2007 (DOG 7 de xaneiro de 2008). Elabórase de acordo co establecido no artigo 9 da ORDE do 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/2019, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, e nos artigos 23 e 27 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG 26-01-99).

Segue, así mesmo, as directrices e criterios xerais da CCP. Adaptarase ao establecido ao Plan de Convivencia.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA. Obxectivos xerais da etapa.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

2.-CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As competencias clave no currículo.

As competencias permiten identificar as aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. Enténdese por competencia clave a capacidade de desenvolver de xeito integrador os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. Estas competencias non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que lle permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Características das competencias clave

- Fomentar o desenvolvemento de capacidades máis que a asimilación de contidos.
- Considerar o carácter aplicativo das aprendizaxes. Unha persoa competente, preparada, é quen de resolver os problemas en todo tipo de situacións.
- Propiciar o carácter interdisciplinar e transversal para integrar aprendizaxes procedentes de distintas disciplinas.

• Conseguir que os mozos e as mozas desenvolvan ao máximo as súas capacidades nun marco de calidade e equidade; converter os obxectivos xerais en logros concretos, adaptar o currículo e a acción educativa ás circunstancias específicas en que os centros se desenvolven, conseguir que os pais e as nais se impliquen na educación dos fillos. Os coñecementos, destrezas e actitudes que todo individuo precisa para o seu desenvolvemento persoal e a súa inserción na sociedade e no mundo laboral, deberán estar desenvolvidas ao acabar a ensinanza obrigatoria e servir de base para unha aprendizaxe ao longo da súa vida. Na área de Lingua Galega e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos estándares máis afíns á área. Ademais de contribuír dun xeito decisivo ao desenvolvemento da competencia comunicativa, garda unha relación moi estreita con outras competencias básicas:

1. Competencia para aprender a aprender. (CAA)

A competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna se recoñeza a si mesmo/-a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, Lingua Galega e Literatura préstase especialmente a iso, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para estruturar o pensamento e o control da aprendizaxe e para valorar a escrita e a lectura como fonte de enriquecemento persoal:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas...
 - Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
 - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
 - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
 - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
 - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
 - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

2. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía dos alumnos e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.

Os descritores que priorizaremos son:

- Optimizar os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

3. Competencia dixital (CD)

A área debe contribuír ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é un pilar esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos e alumnas.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

4. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar en Lingua Galega e Literatura esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia.

Para iso, adestraremos os seguintes descritores:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

5. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área un cauce perfecto para adestrar a competencia.

Traballamos, por tanto, os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

6.- Comunicación lingüística (CCL)

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular. Porén, e dado que se explicitan nas unidades segundo a relevancia que teñen en cada unha delas, resáltanse aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade.

Destacamos, pois, as seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas. A área de

Lingua Galega e Literatura contribúe dun xeito decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman esta competencia, que se refire “á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.”

As habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada (escoitar, expoñer, dialogar, ler, escribir, comprender, saber comunicar) e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación son capacidades que se transfiren e aplican á aprendizaxe doutras linguas, o cal contribúe á súa vez a acrecentar a competencia sobre o uso da linguaxe en xeral.

A LINGUA GALEGA NO DESEÑO CURRICULAR BASE:

LINGUA.- A Lingua é o vehículo de comunicación humana por excelencia, o instrumento vertebrador dunha cultura, dun pobo. O seu correcto e pleno coñecemento por parte dos membros dun conxunto social devén de absoluta importancia para que esa integración do individuo no tecido social se realice do xeito máis satisfactorio. O perfecto uso da Lingua, tanto no nivel de fala como no de escrita, a flexibilidade no seu dominio, permitirán a formación integral da persoa, aumentando sensiblemente a súa capacidade intelectual e cultural.

LITERATURA.- A literatura constitúe unha das máis fondas e complexas expresións da creatividade do home. O seu estudo é decisivo para o enriquecemento e formación integral da persoa así como para a potenciación da reflexión, expresión e sensibilidade propias. O horizonte vital da persoa, o seu nivel intelectual e o seu sentido crítico aséntanse en sólidos fundamentos cando a Literatura é abordada con criterios pedagóxicos modernos nos que a análise constante, a potenciación do elemento imaxinativo e a interpretación persoal se desenvolvan. O coñecemento da tradición literaria propia, unido á creación dun hábito de lectura, primordial nestes anos (**plan lector de centro**), que posibilite o acceso fluído a outros ámbitos literarios, supón un

enriquecemento cultural e educativo de primeira magnitude para a persoa. A Lingua e a Literatura son disciplinas que se interrelacionan, complementan e enriquecen de xeito estreito. Se uns coñecementos lingüísticos poden facilitar a comprensión verbal e a asimilación conceptual dun texto literario, é obvio que a recorrencia constante a escritos de diferente textura e rexistro literario favorecerán considerablemente o uso da Lingua en todos os seus aspectos, tanto no ámbito oral como no escrito. Por iso, aínda que o obxectivo esencial da Lingua sexa, por parte do alumnado, a competencia lingüística suficiente para codificar e decodificar con corrección e fluidez mensaxes na nosa lingua, será esa competencia lingüística a que lle permita espertar a estima e o aprezo polos valores estéticos, expresivos e conceptuais dos textos de índole literaria. Precisamente por este motivo é polo que procede unha interconexión entre ambas disciplinas cando iso veña esixido pola dinámica educativa.

No ensino da Lingua enfrontámonos de entrada a unha problemática lingüística con raíces no plano social e con fondas repercusións no individual, con causas que teñen sólido asentamento no devir histórico en que se desenvolveu o país. A situación diglósica que sofre aínda a nosa Lingua, a pesar de certos avances a todas luces insuficientes, condiciona o seu ensino e cómpre tela presente na docencia da materia. Precisamente, unha faceta importante que o profesorado non debe deixar de abordar no caso concreto da Lingua é a análise e debate desa realidade socio-lingüística que, na maioría dos casos, ou ben se obvia, ou ben se menciona anecdoticamente. Esta problemática incide no alumnado, por chegar, ás veces, instalado en prexuízos e tópicos que han de repercutir de xeito negativo no seu rendemento. Este problema de base non se produciría nunha Lingua normalizada. É importante o noso esforzo para atinxir esa motivación desexable que permita o desenvolvemento óptimo da materia educativa, que se debe ver reforzada poñendo en práctica recursos imaxinativos e unha metodoloxía de carácter aberto e participativo.

Lingua e Literatura —o mesmo que outras disciplinas— contribuirá a desenvolver a madureza persoal das alumnas e alumnos xa que:

- As actividades comunicativas permiten unha serie de destrezas que potencian o razoamento lóxico e o uso de conceptos abstractos e de relacións complexas necesarias para o desenvolvemento cognitivo dos discentes.
- O desenvolvemento da capacidade comunicativa vai permitir que expresen as súas experiencias, sentimentos e sensacións favorecendo a súa inserción social e as relacións interpersoais.
- O enriquecemento cultural e o desenvolvemento da imaxinación e a creatividade son aspectos aos que debe contribuír especialmente o estudo da Literatura.

O alumnado irá adquirindo paulatinamente as destrezas que lle permita o uso dos medios de comunicación e das TICs para o acceso a diferentes tipos de contidos. Para isto fará uso das ferramentas que se lle irá proporcionando e que facilitarán o desenvolvemento da súa capacidade crítica.

A introdución ao estudo da literatura permitiralles unha mellor e máis eficaz expresión ao proporcionarlles o coñecemento de diversas formas literarias, con estilos variados e con rexistros cultos. O estudo da literatura, en relación coa madureza persoal do estudante, debe desenvolver a sensibilidade ante o feito literario e fomentar o pracer da lectura.

Como xa vimos, no ensino-aprendizaxe desta materia non nos podemos esquecer do carácter de lingua minorizada do galego nin renunciar á perspectiva de sensibilización respecto do proceso normalizador. Aínda que a evolución e o futuro da lingua dependen da sociedade no seu conxunto, e o ámbito educativo non é máis que un elemento do mesmo, as aulas de Lingua Galega e Literatura deben contribuír á normalización:

- proporcionándolles as capacidades lingüísticas que permitan o uso normal da nosa lingua en todos os ámbitos da vida social, con dominio similar ao que os estudantes de calquera parte do mundo teñen das súas respectivas linguas,
 - favorecendo as actitudes positivas cara á normalización lingüística,
 - promovendo o uso efectivo da lingua por parte do alumnado como contribución práctica a ese proceso.
- En cada unha das unidades didácticas desglosadas contémplanse, por suposto, contidos específicos e actitudes, valores e normas.

3.- OBXECTIVOS XERAIS.

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.
2. Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
3. Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.
4. Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.
5. Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
6. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.
7. Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.
8. Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa entender as situacións que provoca o contacto de linguas.
9. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que suponen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.
10. Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
11. Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
12. Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

4.- PRIMEIRO CURSO

4.1.-OBXECTIVOS

1. Comprender, interpretar e resumir o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual, desenvolvendo un pensamento crítico.
3. escoitar con interese e respecto as intervencións orais, respectando as normas de cortesía.
4. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.
5. Valorar as producións orais cunha fonética galega correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
6. Intervir de maneira activa en situacións orais propias do ámbito académico.
7. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais.
8. Producir discursos breves e comprensibles, adecuados á situación e á intención comunicativa, coherentes e ben organizados, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.
9. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información, consultar modelos de composición escrita e solucionar dúbidas de traballo.
11. Mostrar unha actitude crítica cara ás mensaxes que manifesten prexuízos lingüísticos.
12. Ler en voz alta coa dicción adecuada e respectando os patróns fonéticos do galego.
13. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
14. Usar as TIC, con progresiva autonomía, para redactar e presentar os seus escritos.
15. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
16. Coñecer e utilizar adecuadamente a fonética do galego.
17. Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe autónoma.
18. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego.
19. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais básicas para mellorar a creación e a comprensión de textos.
20. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
21. Coñecer e utilizar os conectores textuais e as regras de concordancia para dar cohesión aos textos.
22. Diferenciar as distintas clases de oracións segundo a intención do emisor.
23. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

24. Desenvolver unha competencia comunicativa integrada a partir do coñecemento das linguas.
25. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
26. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, a partir do seu contorno familiar e o do resto do alumnado, valorando a importancia de contribuír ao proceso de normalización da lingua.
27. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
28. Recoñecer e valorar as variantes xeográficas do galego, rexeitando prexuízos lingüísticos.
29. Diferenciar os textos non literarios dos literarios, e nestes últimos, identificar os tres grandes xéneros.
30. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros, relacionándoos coa súa experiencia propia e expoñendo a súa opinión.
31. Escribir textos sinxelos con intención estética, utilizando os coñecementos literarios adquiridos.
32. Describir os trazos que caracterizan o cómic e a canción como linguaxes artísticas.
33. Coñecer e aplicar as estratexias de autoavaliación, recoñecendo os erros nas súas producións.

4.2.-CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

Estándares	CCL	CD	CAA	CCEC	CMCT	CSC	SIEE
Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes.	X			X			
Coa axuda dun texto de apoio, elabora e emite tres argumentos lóxicos.							X
Deduce mediante o razoamento lóxico as relacións de parentesco entre as linguas románicas.				X			
Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona.	X						
Extrae o tema dun texto. Sinala a organización das ideas por parágrafos nun texto.	X						
Delimita as oracións nos parágrafos dun texto.	X						
Distingue entre oracións e frases.	X						
Coñece e distingue as letras do abecedario. Ordena palabras alfabeticamente.	X						
Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios. Localiza no cómic elipses narrativas. Sinala no cómic diferentes tipos de plano e reflexiona de xeito guiado sobre o seu emprego en relación coa intención comunicativa. Sinala na banda deseñada diferentes tipos de globos. Interpreta o significado de distintos tipos de globos. Repara en signos cinéticos destacados na lectura. Procura onomatopeas en diferentes cómics e realiza un glosario.	X			X			

<p>Recoñece nun texto mecanismos de cohesión textual. Distingue entre mecanismos de repetición, substitución e deíxe e identifícaos en textos dados.</p>			X				
<p>Identifica en textos o campo léxico dos animais e amplía o seu coñecemento deste. Identifica os sufixos que achegan o significado de “lugar onde viven os animais”. Relaciona substantivos con verbos propios do campo léxico dos animais. Identifica substantivos nun texto segundo a súa clasificación semántica.</p>	X						
<p>Emprega correctamente as regras de formación do feminino e o plural na construción de enunciados. Recoñece o xénero de substantivos invariables e emprégaos orrectamente en oracións. Identifica adxectivos nun texto. Distingue entre adxectivos explicativos e especificativos e constrúe oracións con ambos os tipos. Transforma correctamente o grao dos adxectivos extraídos dun texto.</p>	X		X				
<p>Distingue en textos narrativos as marcas de primeira ou terceira persoa da voz narradora. A partir duns elementos dados (personaxes, espazo, tempo e feitos), escribe un relato desde diferentes puntos de vista.</p>	X			X			
<p>Propón un título alternativo para un texto. Redacta un texto expositivo breve empregando un esquema xerarquizado de ideas</p>	X						
<p>Identifica e amplía o seu coñecemento do campo léxico dos oficios e profesións. Asocia accións e imaxes con substantivos do campo semántico dos oficios e profesións. Identifica os sufixos que achegan o significado de oficio e profesión e emprégaos para formar palabras deste campo.</p>	X						

Investiga a relación entre o número de linguas e o número de Estados en Europa. Distingue entre linguas minorizadas e linguas dominantes.				X			
Recoñece e distingue os diferentes tipos de determinantes nun texto. Identifica nun texto as contraccións das preposicións cos artigos e realízalas correctamente para completar enunciados. Escribe os numerais cardinais e ordinais correspondentes a números dados. Emprega os indefinidos adecuados para completar enunciados, aplicando as normas de concordancia co substantivo.	X		X				
Recoñece a sílaba tónica das palabras e clasifícaa en agudas, graves ou esdrúxulas coa axuda dun cadro. Explica as regras que rexen a acentuación de palabras destacadas nun texto. Emprega correctamente palabras de acentuación dubidosa na escrita dun texto breve.	X						
Distingue entre textos xornalísticos informativos e de opinión. Analiza a estrutura dun xornal e completa un cadro con información sobre as seccións, contidos e páxinas.	X					X	
Resalta as ideas máis importantes dun texto mediante o subliñado. Extrae e anota as ideas máis importantes dun texto.	X		X				
Identifica e amplía o seu coñecemento do campo semántico do corpo humano. Asocia imaxes con denominacións de partes do corpo humano. Identifica e emparella, mediante sinonimia, palabras tabú e eufemismos relacionados co corpo humano. Recoñece o significado de frases feitas relacionadas co corpo e emprégaa na súa produción oral e escrita.	X						
Localiza e clasifica os pronomes tónicos e átonos dun texto. Substitúe frases en oracións por pronomes átonos, distinguindo as funcións de complemento directo e indirecto. Reescribe pares de oracións empregando correctamente conxuncións comparativas. Emprega as formas pronominais axeitadas e no lugar correcto en enunciados.	X		X				
Acentúa correctamente unha serie de enunciados empregando til diacrítico. Emprega de forma precisa a diérese nunha serie de enunciados.	X		X				
Distingue entre descrición obxectiva e subxectiva e ofrece exemplos dos dous tipos a partir de textos. Realiza unha descrición breve baseada nunha imaxe.	X			X			
Amplía o seu coñecemento do léxico relativo á vestimenta. Forma parellas de sinónimos cunha serie de verbos relacionados coa roupa. Identifica nun texto descritivo léxico relativo á vestimenta.	X						

<p>Coñece a situación legal e social das sete linguas faladas no Estado español.</p> <p>Identifica nun mapa as comunidades bilingües ou trilingües do Estado.</p> <p>Reflexiona sobre o status oficial das linguas faladas no Estado.</p> <p>Repara no tratamento legal dos dous idiomas cooficiais no Estatuto de Autonomía de Galicia.</p> <p>Reflexiona sobre a situación de desigualdade do galego en certos ámbitos sociais.</p>	X					X	
<p>Clasifica os verbos subliñados nun texto en irregulares e regulares.</p> <p>Sinala a conxugación á que pertencen os verbos destacados nun texto.</p> <p>Identifica a raíz e mais as desinencias de varias formas verbais dadas.</p> <p>Localiza os verbos nun texto.</p> <p>Recoñece o tempo verbal empregado nos verbos dun texto, convérteos ao presente e explica os cambios de significado producidos.</p> <p>Indica o modo de formas verbais dadas.</p> <p>Clasifica formas verbais dadas segundo a persoa, o tempo e o modo.</p> <p>Identifica o suxeito correspondente a cada un dos verbos subliñados nun texto.</p>	X		X				
<p>Completa correctamente un grupo de palabras empregando <i>c</i>, <i>z</i> e <i>qu</i>.</p> <p>Usa adecuadamente <i>cc/c</i> e <i>ct/t</i> para completar palabras en viñetas.</p> <p>Utiliza axeitadamente <i>cc/c</i> e <i>ct/t</i> para completar palabras en enunciados.</p> <p>Coñece as características principais e a estrutura habitual da reportaxe.</p> <p>Le e mostra explicitamente a súa comprensión do sentido global dunha reportaxe.</p> <p>Realiza unha tarefa de documentación utilizando notas.</p> <p>Realiza unha reportaxe en grupo sobre un tema de actualidade local a partir do modelo traballado na aula.</p> <p>Emprega xornais para documentarse.</p> <p>Utiliza o procesador de textos para darlle un formato adecuado á reportaxe.</p>	X						
<p>Amplía o seu coñecemento do léxico relacionado coas novas tecnoloxías e incorpóralo ás súas producións orais e escritas.</p> <p>Nomea os dispositivos tecnolóxicos sinalados nunha ilustración.</p> <p>Relaciona unha serie de definicións con termos relacionados coas computadoradoras e a comunicación por Internet.</p> <p>Recoñece a presenza de estranxeirismos no léxico das tecnoloxías.</p>	X	X					
<p>Localiza nun texto formas verbais con alternancias vocálicas.</p> <p>Conxuga en presente de indicativo verbos con alternancias vocálicas.</p> <p>Identifica no texto verbos irregulares e sinala a súa raíz.</p> <p>Conxuga verbos irregulares tirados do texto en presente, pretérito e futuro de indicativo.</p> <p>Identifica en viñetas perífrases verbais.</p> <p>Substitúe as perífrases verbais dun texto por unha forma verbal simple e sinala as diferenzas de significado.</p>	X		X				

Completa series de palabras respectando as regras de uso de <i>b</i> e <i>v</i> . Reescribe un texto utilizando adecuadamente o <i>b</i> e o <i>v</i> . Conxuga e escribe correctamente o presente de indicativo do verbo <i>ir</i> .	X						
Le comprensivamente dous poemas e explica o seu contido. Distingue entre rima asonante e consoante. Identifica anáforas en varios textos poéticos. Sinala o número de estrofas e versos que compoñen a canción. Identifica na canción o tipo de rima empregado.	X			X			
Amplía o seu coñecemento do léxico relativo aos medios de transporte.	X						
Elabora, seguindo unhas pautas, a súa biografía lingüística. Procura información en Internet sobre medidas destinadas á promoción do idioma. Reflexiona sobre medidas públicas destinadas á normalización lingüística. Analiza de forma guiada os prexuízos sobre as linguas	X	X				X	
Completa enunciados empregando adverbios destacados nun texto. Agrupa adverbios en series. Agrupa locucións adverbiais segundo o seu significado. Localiza as preposicións nun texto. Identifica nun texto as contraccións de preposicións con determinantes.	X		X				
Emprega adecuadamente o <i>h</i>	X						
Puntúa axeitadamente un texto dado.	X						
Analiza, de forma pautada, un texto teatral atendendo aos seus trazos definitorios, así como ás anotacións, os personaxes e o tema do diálogo.				X			
Utiliza un programa informático de presentacións para apoiar e ilustrar a súa exposición oral. Planifica unha exposición oral sobre un tema do seu interese.	X		X				X
Amplía o seu coñecemento do léxico relacionado co coidado do medio. Identifica a función dos prefixos na formación de palabras e coñece o significado dos máis frecuentes no campo semántico tratado na unidade (re-, eco- e bio-). Emprega os prefixos estudados para formar palabras a partir dunha serie de termos dada.	X					X	
Sinala o suxeito nas oracións dunha serie e di que unidade desempeña esta función.	X		X				
Sinala o predicado nas oracións dunha serie. Identifica razoadamente suxeitos elididos nun texto. Identifica o predicado e os complementos nas oracións dunha serie, coa axuda dun cadro.							
Emprega correctamente <i>r</i> ou <i>rr</i> para completar unha serie de palabras.	X						

Engade axeitadamente comas nunha serie de enunciados.	X						
Explica as características do texto instrutivo.	X					X	
Produce textos propios das relacións sociais. Redacta, seguindo un modelo, a receita da súa comida preferida.	X					X	
Amplía o seu coñecemento do léxico relacionado cos deportes.	X						
Distingue conceptualmente as variedades xeográficas do estándar e valóraas como símbolo de riqueza lingüística e cultural. Recoñece, coa axuda dun mapa, a variante dialectal propia da súa zona. Coñece e identifica os trazos dialectais principais dos tres bloques xeográficos. Clasifica enunciados dados segundo o bloque dialectal ao que pertencen.	X			X			
O profesorado poderá ter en conta en cada avaliación as lecturas voluntarias que efectuou o alumnado, sempre baixo a dirección da profesora e demostrando logo a lectura e comprensión da obra.

8-CRITERIOS XERAIS

I.-METODOLOXÍA

Entendemos como método o camiño máis viable para acadar os nosos obxectivos. No caso da área de Lingua Galega e Literatura é especialmente importante a capacidade de atracción e motivación que posúan os nosos medios de ensino, de maneira que o alumnado se sinta con forza e necesidade de aprender, e comprendan a importancia que supón o coñecemento e o dominio da lingua e da literatura propias do país. En coherencia co exposto, os principios que orientan esta práctica educativa son os seguintes:

- Integración activa das alumnas e dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.
- Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

Motivación

Será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo (socialización). Os seres humanos nestas idades prefiren estar en permanente relación cos medios de comunicación social e non fronte a un docente na aula, nunha clase menos dinámica. Esta experiencia esixe a procura dun equilibrio técnico-pedagóxico entre o uso das TICs e a transmisión de novos coñecementos do docente no proceso de relación entre este e o discente.

Criterios metodolóxicos

Os criterios metodolóxicos que guiarán o proceso de ensino-aprendizaxe de Lingua e Literatura Galega partirán da necesidade de procurar unha aprendizaxe significativa. A lectura enriquecerá a súa competencia léxica. Promoveranse actividades que interrelacionen tanto o aprendido na aula como o aprendido a través das novas fontes de información, co tradicional: a transmisión oral familiar, a contorna...

Para traballar os contidos actitudinais da sociolingüística débese partir dunha metodoloxía que permita o contraste de opinións, a aclaración de ideas, que favorezan a asunción por parte do alumnado da necesidade da súa contribución ao proceso de normalización lingüística. Actividades que se poden realizar: postas en común, o debate, o remuíño de ideas, os comentarios orais coa idea de combater os prexuízos lingüísticos, a procura de información sobre outras situacións lingüísticas parellas á nosa, a participación en campañas e actividades de normalización..

A lingua estúdase con carácter funcional para mellorar as competencias comunicativas. Os contidos teóricos só terán sentido na medida en que contribúan a mellorar os discursos propios. A aplicación dunha terminoloxía e conceptualización será o máis actualizada posible e realizarase partindo do método indutivo, que camiña sempre do discurso á norma, da adecuación ao sistema, do texto ao paradigma. Preferimos unha metodoloxía eminentemente practica.

Para o traballo de interpretación partimos de textos con sentido completo, de variada tipoloxía temática e adecuadamente contextualizados, de xeito que o alumnado os vexa como modelos válidos para a elaboración doutros.

As actividades de repetición de estruturas gramaticais, fóra de contexto, só servirán como reforzo en puntos concretos. Procurarase non só a repetición para fixar conceptos, senón tamén a reflexión sobre eles.

Comunicación e Técnicas de traballo.

Servirá como ferramenta para traballaren os outros bloques de contido así como para as outras materias do currículo. Os temas de investigación, as ideas principais, o subliñado, o esquema, o resumo, o tema, a estrutura de textos, o recoñecemento dos diferentes

tipos de textos (narrativo, descriptivo e dialogado), a elaboración de textos propios e comentarios estarán preferentemente relacionados con contidos de Lingua e Sociedade e Literatura.

As actividades que propoñemos inciden na selección, interpretación e reelaboración de información de calidade, e non na mera acumulación de datos sen traballo interpretativo.

II.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. REFORZO E AMPLIACIÓN.

Aínda tendo moitas características en común, as persoas diferimos en moitos aspectos; non actuamos, sentimos, nin pensamos igual, e, por suposto, non todos temos as mesmas capacidades. Así se os contidos que normalmente traballamos están orientados cara un teórico nivel medio, propio da idade en que se atopan, tamén é certo que a diversidade de alumnado leva aparellada unha diversidade na aprendizaxe. As diferenzas que hai entre os discentes impiden conseguir obxectivos idénticos. Polo tanto, sen renunciar á existencia de obxectivos xerais e comúns, hai que considerar a necesidade de dispoñer de métodos de ensino alternativos segundo a diversidade do alumnado e segundo o ritmo do aprendizaxe. Unha vez decididos os obxectivos mínimos que se queren lograr co alumnado, hai que ter en conta os posibles recursos que permitan a atención ou o tratamento á diversidade.

Tendo isto en conta, debe observarse unha flexibilidade nas pautas de traballo a seguir de maneira que cada alumno poida ter o seu ritmo de aprendizaxe. Coñecendo por probas de avaliación inicial as carencias de partida que algúns alumnos arrastren, poderanse propoñer actividades de reforzo tendentes a integralos da maneira máis natural no ritmo da clase.

Este curso son varios os alumnos que precisan de adaptacións curriculares, polo que os obxectivos para estes varían con respecto ao resto da clase. Ademais da variación de obxectivos, as adaptacións contemplan os seguintes aspectos:

* Adaptación do material didáctico.

* Variacións na metodoloxía segundo as necesidades dos alumnos.

* Propostas de actividades de aprendizaxe diferenciadas.

* Organización de grupos de traballo flexibles.

* Redución ou variación nos bloques de contidos, facéndoos máis acordes cos intereses e capacidades do alumnado.

Polo que se refire ás actividades de ampliación, pensamos que os libros de texto deben utilizarse intelixentemente, non dunha maneira seguidista. Resulta así obvio que entre as actividades que se lle poden propor a certos alumnos están aquelas que non se consideran apropiadas para a maioría da clase.

A atención á diversidade abórdase a través de:

- Exercicios complementarios de gramática que inciden nas habituais carencias que presenta o alumnado nesta etapa educativa e que axudan a reforzar os coñecementos xa adquiridos en cursos anteriores: acentuación, léxico, morfoloxía e semántica para que o alumnado puntúe correctamente os exercicios, atope erros léxicos e semánticos; búsqueda de significados no dicionario...

- Lecturas de textos guiados mediante unha serie de preguntas que incidan nos aspectos e características máis relevantes da teoría literaria.

- Axudas puntuais por parte do docente.

- Variación na composición dos grupos de traballo para conseguir axuda de compañeiros cos que empatizan máis.

- Modificación de actividades en canto á súa complexidade.

- Actividades de reforzo, recuperación ou ampliación que poidan realizar individualmente, sendo útiles os recursos audiovisuais e informáticos.

**Este curso continúase coa adaptación do currículo a unha alumna de 3º e a outra de 2º
En 1º creouse un grupo de reforzo (dúas horas), de tres compoñentes (B).**

GRUPO ESPECÍFICO-LINGUA GALEGA E LITERATURA-2º ESO

En 2º de ESO continuouse co agrupamento específico,, iniciado no curso anterior, para facilitar a un número reducido de alumnos e alumnas (10) a superación dos obxectivos sinalados para 2º ESO. Isto permite unha atención máis próxima co fin de que as dificultades que mostran, por causas dispares, poidan ser solventadas. Decidimos, polo tanto, modificar a metodoloxía e mais os instrumentos no momento de avaliálos. O que debe permanecer sen modificacións é o sinalado na programación didáctica de 1º, como son os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, tendo en conta igualmente os estándares de aprendizaxe.

Consideramos que non debe ser un grupo pechado, se se observara unha progresión e uns resultados satisfactorios, dentro dun nivel medio, poderían incorporarse ao seu grupo de referencia. Igualmente podería incorporarse alguén que tivera dificultades en canto ao seguimento dos contidos no grupo ordinario.

Metodoloxía- É necesaria unha adaptación da metodoloxía ás características específicas dos alumnos e alumnas deste grupo, posibilitado o seguimento máis persoal(ou individual) debido ao reducido número.

Consideramos importante estimular o hábito lector e o interese pola lectura, e tamén, a capacidade de expresión tanto no ámbito oral como escrito. Unha das estratexias didácticas referidas ao anterior será ofrecerlles textos atractivos e de fácil comprensión, para así practicar a lectura, escritura, comprensión e ampliación de vocabulario. A comprensión lectora debe ser un traballo continuado. O traballo constará de varias fases: comprensión global, partindo do texto obter información (acudindo a múltiples fontes: internet, biblioteca, na propia familia, no contorno....) , interpretar o texto e reflexionar sobre a forma (aplicando os coñecementos gramaticais, ortográficos e léxicos coa explicación e axuda da profesora) e, tamén, sobre o contido.

Será moi importante que acaden un maior dominio do idioma escrito polo que se lles potenciará para que produzan ideas propias, planificando a súa redacción e posteriormente unha revisión cara ao texto definitivo; coidando, entón, que a transmisión se produza dun xeito comprensible e correcto.

Outras das estratexias didácticas cara a este grupo será a realización de actividades complementarias e de reforzo dos contidos que conleven maior dificultade para o alumnado.

Dependendo do ritmo de traballo ou do estilo de aprendizaxe, irase aumentando a complexidade das distintas actividades.

A flexibilidade será a norma pola que se rexerá a profesora á hora de enfrontar o traballo con este grupo.

Avaliación- Xa nos outros cursos da ESO a avaliación é continua na nosa materia, ao ser este un grupo reducido permite un maior coñecemento e seguimento do que facer diario; ese seguimento será, polo tanto, máis individualizado. Se así se considerase conveniente faríanse máis probas obxectivas para facilitar o estudo de poucos contidos conceptuais en cada proba.

Ese traballo diario na aula será o procedemento fundamental para comprobar a evolución significativa do grupo. Así poderase detectar calquera dificultade no momento en que se produce, descubriendo as causas que a motiva e, así, adaptar as actividades segundo as súas necesidades.

Instrumentos de avaliación:

- Realización de probas escritas. Unha como mínimo por avaliación. Valorarase como máximo cunha nota de 10 puntos (se houbera máis de unha faríase media). Consideramos que estas probas deberían corresponder a un 40% da nota final (se houbera máis dunha proba faríase media entre elas).
- Realización de probas orais: lecturas, expresión oral... (como máximo 1 punto ,10%)
- Tarefas a realizar como deberes, traballos... Se realizara traballos tanto obrigatorios como voluntarios subiráselle 0.5 por cada un. Terase en conta nesta nota a calidade do caderno e a resposta ás propostas de creación.(Un 10% da nota media).
- Lectura de libros por avaliación (a non lectura será motivo de suspenso).A lectura do libro obrigatorio puntuará como máximo 2 puntos (entre un 10% e un 20%) Os libros voluntarios serán puntuados cun 0.5 cada libro, despois dunha pequena proba na que demostren telos lidos e comprendidos.
- Comportamento en clase. Notas diarias ou semanais de actitude como a constancia, o esforzo, o respecto aos compañeiros igual que á profesora e á materia, a participación e o interese ou a práctica habitual, desprexuízada do uso do idioma contarán ata un 20% da nota.

Criterios específicos:

- a)Conceptuais. (Un 30%). Avaliables sobre todo a través de cuestións, que nunca serán maioritarias nas probas.
- b)Procedementais. (50%). Traballo, aplicación práctica, lectura...
- c)Actitudinais. (Un 20%). Valórase o esforzo, constancia, interese, respecto...

Dentro destes parámetros e para o cálculo da nota terase en conta:

O traballo na aula e a adecuación ás actitudes mencionadas.

Os resultados das probas obxectivas; tendo en conta que haberá os exames que se consideren necesarios por avaliación.

Presentación dos traballos (obrigatorios ou voluntarios) centrados nos contidos propios de cada curso.

As probas de lectura dos libros escollidos cada trimestre.

III.- PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES. TRANSVERSALIDADE.

Un dos obxectivos da nosa área é o desenvolvemento do pensamento crítico do alumno/a. Este pensamento crítico debe contextualizarse na realidade da sociedade galega, neste sentido a técnica do comentario crítico, a elaboración de artigos e informes tras a investigación dun determinado asunto na prensa, ponse ao servizo do tratamento dos temas transversais.

Segundo o dito anteriormente, sinalamos a continuación as actividades da nosa programación que servirán para abordar os distintos temas transversais nas aulas, así como os obxectivos que perseguimos con elas.

TEMAS TRANSVERSAIS	ACTIVIDADES
Educación para o uso non sexista da lingua	Comentario de Tecín soia a miña tea de Rosalía de Castro. Lectura voluntaria de O club da calceta , de M. Reimóndez ou O inferno de Marta , de Pascual Alapont
Educación para a igualdade e a paz.	1. Lectura de Lúa de Senegal , de A. Fdez Paz (1º), Pressing Catch , de P. Carballeira (4º) e Ás de bolboreta de Rosa Aneiros (3º) 2. Proxección e debate en torno a filmes que aborden esta temática.
Educación na sexualidade e na saúde	1. Lectura de Sobrevives? de Fina Casalderrei. 2. Proxección e debate en torno ao filme Pradolongo ou calquera outro axeitado.
Educación ambiental	1. Lectura de Exogamia 0.3 de Ramón Caride. O ceo dos afogados de F. Castro. 3. Proxección do filme O bosque animado ou Pradolongo .
Educación vial	Comentario crítico de calquera texto xornalístico en torno ás mortes nas estradas.
Educación multicultural	Proxeccións e debates en torno a documentais sobre d istintos lugares e pobos do mundo. Lectura de Ás de bolboreta de Rosa Aneiros (3º), Palabras de caramelo de G. Moure.

IV.-MATERIAIS CURRICULARES.

Os recursos materiais precisos para desenvolver este proxecto serán: libro de texto (mencionado ao inicio de cada programación de curso), caderno, libro do profesor, CD interactivo; dicionarios; reprodutor de vídeo e DVD; equipo de son; retroproector; visionador de documentos; aula multimedia; biblioteca,... Especificase en cada curso o material concreto, libro de texto e libros de lectura (ao final das unidades didácticas de cada curso as lecturas obrigatorias). Valorando a importancia que para nós ten a lectura, e como un aliciente máis para o alumnado, pode proporse unha listaxe de libros (novelas, relatos...), lidos sempre de maneira voluntaria.

V.-PROXECTO LECTOR

O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluírán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar.

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios. Con esta finalidade empregaranse, cun enfoque funcional, as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles. A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico. Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

Na nosa materia a lectura é un dos eixos fundamentais. En cada un dos cursos traballarase este plan, ofrecerase ao alumnado unha listaxe de libros que poidan ser do seu interese e avaliarase a súa comprensión. Fichas de lectura, valoracións orais sobre o lido...Para a avaliación dos aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

Nos apartados referido a cada curso menciónase como se desenvolve máis concretamente este plan, ofrecendo títulos de obras literarias para a súa lectura.

VI.-PLAN DAS TIC.

As tecnoloxías da información e a comunicación incorporaranse como un recurso máis aos procesos de ensino-aprendizaxe. A súa aplicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes na aula.

O alumnado ao rematar a escolarización obrigatoria acadará unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento.

No noso proxecto educativo fomentamos o emprego das novas tecnoloxías da información e da comunicación a través de:

- O uso da páxina web do centro e da biblioteca como espazo de comunicación.
- A coordinación e a acción co profesorado das outras áreas e materias.

- O acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes (CD interactivo).
- A potenciación de capacidade de razoamento do alumnado, da súa motivación e do seu afán de coñecemento.
- O emprego das TICs para o traballo cotián e nas actividades de aula.
- Uso dos ordenadores nas aulas ABALAR e das pizarras dixitais, en 1º e 2º.
- A superación das limitacións de acceso ás novas tecnoloxías derivadas das desigualdades sociais.

VII.-PROGRAMA DE REFORZO

-RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE do curso anterior.

O departamento decidiu o seguinte con respecto a quen pasou ao curso seguinte coa materia de Lingua e literatura galega suspensa:

O alumnado, afectado, será informado sobre quen será a profesora responsable da avaliación, que contidos se lle esixen e as actividades concretas a realizar e en que prazo. Tamén se lle informará da posibilidade de obter cualificación positiva se consegue aprobar a materia do curso no que está matriculado nas dúas primeiras avaliacións. Deberá ser informado das datas previstas para a realización das probas escritas.

Os contidos esixibles serán os mínimos referidos nesta programación con respecto ao curso non superado.

Ao ser unha materia de contidos progresivos, de avaliación continua, aquel alumnado que a supere no curso actual na segunda avaliación considérase que conseguiu acadar os obxectivos fixados para a pendente, polo que non terá que examinarse no exame de maio.

Procedementos para a súa cualificación.

Durante o curso as profesoras facilitaránlle ao alumnado as tarefas correspondentes, que lle serán corrixidas, para ir repasando a materia suspensa. Sobre todo para aqueles que teñan suspenso terceiro.

Co obxecto de facilitarlle a superación da materia pendente terá ao longo do ano dous exames, un en xaneiro e outro en maio; tanto nunha data como noutra examínase de toda a materia suspensa. Realización de probas escritas. Valorarase como máximo cunha nota de 10 puntos.

A data do primeiro exame, para o alumnado con Lingua galega de 3º suspensa, será o día 18 de xaneiro. Se non logra acadar o suficiente terá unha segunda oportunidade en maio, o día 10.

PROGRAMA ESPECÍFICO PARA O ALUMNADO REPETIDOR.

O alumnado repetidor seguirá un programa de reforzo na propia aula. Se ben ao repetir xa reforzan os contidos, prestarase especial atención á superación daqueles aspectos que os levaron a conseguir unha avaliación negativa na materia. Mesmo ofrecerase a posibilidade de ofertar outros libros de lectura obrigatoria.

VIII. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR SEGUNDO OS SEUS RESULTADOS.

Basicamente, a intención que ten a avaliación inicial é proporcionar un instrumento de avaliación das capacidades e dos coñecementos con que contan os alumnos e alumnas que se incorporan aos novos cursos, a fin de abordar o proceso educativo con

garantías, así como anticipar axustes individuais e reparar retrasos escolares. É un proceso de toma de decisións que serve para planificar os procesos de ensinanza-aprendizaxe e baséase na análise das capacidades do alumnado e as necesidades do grupo

Contamos con moitos instrumentos para realizar a Avaliación Inicial:

- Debates
- Observación na aula os primeiros días de clase
- Entrevistas
- Informes do equipo de orientación
- Análise de producións realizadas polo alumnado: resumos, traballos, cadernos de clase, resolución de exercicios...
- Exercicios de comprensión e expresión oral: pronuncia, articula correctamente todos os sons, amplitude e propiedade léxica: emprega un vocabulario variado, preciso e apropiado.
- Exercicios de comprensión e expresión escrita: claridade (enténdese o que se escribe), signos de puntuación e faltas de ortografía.
- Atención e concentración: mantén a atención (nas explicacións de clase, na realización de traballos persoais, etc.).

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.*).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que se van adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.

- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada unha das persoas.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos do alumnado.
- Fixar a maneira en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co profesorado titor.

VIII.-PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Nos catro cursos da ESO a avaliación da materia é continúa. Para conseguir unha avaliación positiva non só se terán en conta as probas obxectivas (realizárase unha escrita, como mínimo, por avaliación), senón tamén a súa actitude, traballo e participación en todas as iniciativas académicas que se propoñan.

Partindo do exame de avaliación inicial e do día a día na aula, terase en conta a progresión do alumnado que puidera mostrar dificultades na materia. Debe mostrarse por parte do profesorado un apoio máis particular de cara a reforzar ao alumnado anteriormente citado.

As probas que se realicen serán fundamentalmente prácticas, incidindo na comprensión e capacidade expresiva do alumnado, tanto oral como escrita.

Procedementos para a realización da avaliación inicial.

Realizárase ao inicio do curso unha **avaliación inicial** para comprobar o grao de desenvolvemento das competencias básicas do alumnado. O modelo pode ser semellante para os catro cursos, só cambiarán os instrumentos de avaliación: textos, cuestións segundo o seu grao de dificultade, tendo en conta un hipotético nivel medio. O guión para a realización da avaliación inicial podería comprender cuestións persoais, cuestións do ámbito sociolingüístico, sobre os contidos dos cursos anteriores... Se o profesorado así o considerara pertinente pode realizar outro tipo de probas, ao longo de varias clases, como textos de creación escrita ou exercicios de lectura..., para comprobar o grao de desenvolvemento das súas competencias.

Para a avaliación teranse en conta a observación dos seguintes instrumentos: o caderno da clase, probas orais e escritas, observación directa, textos de creación individual e colectiva, resultados das actividades, proxectos ou traballos e lecturas.

IX.- CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Para a cualificación final teremos en conta o valor dos diferentes contidos (conceptuais, procedementais e actitudinais).

Instrumentos de avaliación:

- Realización de probas escritas. Unha como mínimo por avaliación. Valorarase como máximo cunha nota de 10 puntos (se houbera máis de unha faríase media). Consideramos que estas probas deberían corresponder a un 60 da nota final (se houbera máis dunha proba o mínimo para facer media entre elas correspondería a un terzo da nota total). Se se considerara necesario poderíase realizar algún exame de recuperación dos contidos conceptuais.

Se o profesorado o considera pertinente pode realizarse un exame final da materia en calquera dos cursos, só a aquel alumno ou alumna que mostrase un bo comportamento, entregara todos os traballos, cumprira co traballo diario e aprobara os exames das lecturas obrigatorias.

- Realización de probas orais: lecturas, expresión oral... (un 10%)

- Tarefas a realizar como deberes, traballos... Se, dentro da mesma avaliación, se contabilizaran máis de tres días sen deberes descontaráselle 0.1 da nota global por cada día sen ese traballo feito. Se realizara traballos tanto obrigatorios como voluntarios

subirásele como mínimo 0.5 por cada un. Terase en conta nesta nota a calidade do caderno e a resposta ás propostas de creación. A data de presentación é inaprazable, a demora pode chegar a restar toda a puntuación. (Un 10% da nota media).

- Lectura de libros por avaliación (a non lectura será motivo de suspenso). A lectura do libro obrigatorio puntuará como máximo 2 puntos (entre un 10 e un 20%). Os libros voluntarios serán puntuados cun 0.5 cada libro, despois dunha pequena proba na que demostren telos lidos e comprendidos. Para sumarilles a puntuación dos libros voluntarios terán que obter como mínimo na proba escrita (exame de avaliación) un 3.

- Actitude en clase. Notas diarias ou semanais de actitude como a constancia, o esforzo, o respecto aos compañeiros igual que ás profesoras e á materia, a participación e o interese ou a práctica habitual, desprexuízada do uso do idioma contarán ata un 10% (ou mesmo un 20%) da nota. Ae tamén en conta a súa colaboración co EDLG e participación no club de lectura Devoralibros. (Se é positiva , se fose negativa restarásele).

- As faltas de ortografía nos exames, traballos escritos... baixan a nota, dependendo da gravidade da falta (-0.1 ou -0.2)

Criterios específicos:

a) Conceptuais. (Entre un 30% e un 35%). Avaliables sobre todo a través de cuestións, que nunca serán maioritarias nas probas.

b) Procedementais. (50%). Traballo, aplicación práctica, lectura...

c) Actitudinais. (Dun 10% a un 20%). Valórase o esforzo, constancia, interese, respecto... Dentro destes parámetros e para o cálculo da nota terase en conta:

- δ) O traballo na aula e a adecuación ás actitudes mencionadas.
- ε) Os resultados das probas obxectivas; tendo en conta que haberá un exame como mínimo por avaliación.
- ϕ) Presentación dos traballos (obrigatorios ou voluntarios) centrados nos contidos propios de cada curso.
- γ) As probas de lectura dos libros escollidos cada trimestre.

X.-EXAME EXTRAORDINARIO DE SETEMBRO

Aquel alumno que non supere a materia en xuño, poderá realizar unha proba escrita que constará de preguntas prácticas e teóricas. Os contidos mínimos son os mesmos tanto para xuño como para setembro. Os libros de lectura obrigatoria non aprobados en xuño serán recuperados en setembro. Criterios de cualificación, valorarase como máximo cunha nota de 10 puntos, indicando a puntuación de cada exercicio no propio exame.

XI.-ACTIVIDADES CURRICULARES, COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Consideramos moi importante a programación de actividades complementarias e extraescolares que contribúan a un enriquecemento engadido ao desenvolvemento do currículo ordinario.

As complementarias serán obrigatorias e avaliáveis, as extraescolares serán voluntarias e non avaliáveis. Todo isto dependerá do interese do alumnado e do presuposto asignado para as actividades. Entre outras posibilidades sinalamos:

- Asistencia a obras de teatro segundo a oferta dos programas das diferentes compañías.
- Asistencia a sesións de contacontos, conferencias, charlas con axentes sociais, normalizadores ou normalizados, sobre temas de interese para a materia en particular e para a cultura e a arte galegas en xeral.

- Actividades ao redor do homenaxeado, Antón Fraguas, a quen se lle dedican as Letras este ano. En colaboración con Normalización e profesorado doutras materias.
- O departamento colaborará cos proxectos que fomenten a investigación en humanidades.
- Audicións de poemas recitados ou musicados, e de música do noso ámbito cultural.
- En colaboración co Departamento de Lingua española e literatura e de Música obradoiro de poesía e proposta de textos para exposicións, recitais e calquera outra iniciativa en calquera formato.
- Performances sobre textos preparados nas aulas e dramatizados fóra delas no recreo.
- Visualización de cinema galego e en galego.
- Recompilación e exposición de materiais sobre temas como a normalización, a banda deseñada, figuras relevantes do mundo das Letras e das Artes...
- Excursións e roteiros, ben pola comarca, ben por outros lugares de interese didáctico, deseñando as actividades pertinentes (a ser posible, de carácter interdisciplinar) para observaren e coñeceren a flora e a fauna, os restos arqueolóxicos, edificacións e monumentos, os contornos paisaxísticos significativos..., o que permitirá apreciar e valorar o propio desde unha perspectiva lingüística e literaria. Neste curso temos en mente a posibilidade de continuar co roteiro conexión de O Courel e a obra de Uxío Novoneyra, a finais de maio, realizado xa os cursos anteriores, unha experiencia moi positiva.
- Promoveremos a coordinación dalgunhas actividades con centros similares ao noso, á fin de potenciar a convivencia e o intercambio de experiencias, lecturas, etc.
- Participación en maio no Correlingua, fundamentalmente 1º e 2º de ESO.
- Participación en concursos de contos (do seu concello ou en todos aqueles que nos parezan de interese). A principios de novembro traballarase o conto de terror. En febreiro as cartas de amor. En maio voltamos ao relato, de tema máis ou menos libre, baixo a dirección das profesoras.
- Continuación e potenciación do Club de lectura “ **Devoralibros**”.

XII.-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Esta programación será obxecto de avaliación en si mesma. Os obxectivos desta avaliación son comprobar a eficacia e a validez desta proposta curricular, así como propoñer modificacións de mellora de cara ao vindeiro curso. Por outra banda, contempla o suficiente grao de flexibilidade co que deben contar as programacións de cara a realizar as adaptacións pertinentes nos casos concretos de alumnado que así o requira. Flexibilidade que permita a modificación da programación no momento que se detecte a necesidade de axustarse á realidade da aula e do grupo.

A Programación será revisada ao longo do curso. Valorarase o cumprimento do programado, indicando calquera modificación que consideremos necesaria. Realizarase nas reunións mensuais do Departamento (calquera incidencia, modificación será recollida no libro de actas); ao rematar cada avaliación analizaremos todos os aspectos sinalados nesta programación (a través do uso dunha

ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte), así como os resultados das avaliacións.

Ao final de curso na Memoria elaborada polo Departamento avalíase o seguimento de dito documento (obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación, estándares de aprendizaxe...) a fin de valorar posibles modificacións a incluír na Programación do seguinte curso.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Os indicadores de logro servirán para comprobar o funcionamento da programación e a práctica docente. Diseñárase un procedemento para recoller os datos valorativos e propoñer as medidas de mellora que fosen necesarias. A finalidade desta análise é a mellora continua da práctica docente e da Programación.

Os indicadores de logro son preguntas que servirán para reflexionar sobre a nosa actuación co alumnado, e sobre os aspectos recollidos na Programación:

Materiais empregados: accesibles, atractivos, suficientes.

Adecuación da planificación: número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, obxectivos ben definidos, se se basean dos seus intereses...

Consecución da motivación no alumnado, se despertamos a súa curiosidade, se ofrecimos axuda para que progresen, para que participen activamente na súa totalidade e chegaron o seu pleno desenvolvemento...

Tívoise en conta a participación das familias, as medidas de atención á diversidade foron as necesarias, uso das TIC, dar novos enfoques ás unidades, inclusión de temas transversais, actividades interdisciplinares...

Á hora de sistematizar este apartado establécense unha serie de ámbitos (Diversidade, Programación e Avaliación) cos seus indicadores e cuestionarios para levalo á práctica.

Diversidade:

Esíxense diferentes resultados segundo as características (individualidades ou peculiaridades) do alumnado?

Danse explicacións xerais/ individualizada se se precisa?

Tense en conta a diversidade no momento de programar?

Adátase a Programación ás características e necesidades do alumnado?

Nas actividades e nos exames realízanse exercicios máis sinxelos ou complicados?

Segundo os diferentes perfís organízanse axudas entre iguais no grupo?

Fortalécense os grupos interactivos e a interactividade?

Tense en conta a diversidade no momento de organizar a clase, división en grupos?

Os temas tratados son do seu interese?

Como coñecemos as características da clase?

Proba avaliación inicial.

Lectura de informes de anos anteriores.

A xefatura de estudos e Orientación aportan a información que se precisa.

Na reunión inicial obtense a maior parte da información.

Ao final da avaliación percatámonos da súa diversidade.

Respéctase o ritmo de cada un?

Pártese da motivación individual?

Como se atende o alumnado que mostra dificultades:

Na mesma aula?

Fóra cun especialista?

Aplicando un ritmo diferente?

PROGRAMACIÓN.

Faise pensando nas competencias?

Tense en conta o libro de texto na súa elaboración?

As ferramentas de avaliación para medir as competencias son claras?

Dáse a coñecer ao alumnado: obxectivos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, metodoloxía, criterios de cualificación...?

Consúltase ao longo do curso? Coincide co que se traballa na aula?

Introdúcense, durante o curso escolar, temas ou proxectos propostos polo alumnado?

O profesorado que imparte clase no mesmo nivel mantén unha distribución coherente de contidos?

O profesorado da mesma materia, impartindo no mesmo nivel, coordínase para traballar os mesmos contidos, competencias e criterios, utilizando iguais estándares?

En caso que veña unha persoa substituta, encontrará unha información clara e suficiente?

AVALIACIÓN

Ao inicio de cada unidade coñecen os obxectivos didácticos, as competencias a desenvolver, criterios de avaliación e estándares principais.

Utilízanse diferentes probas (exames, traballos individuais e/ou colectivos, exposicións orais...)?

Utilízanse diversos instrumentos de rexistro (notas no caderno do profesorado: actividades ben ou mal feitas, competencias clave...)?

Como medir resultados: Nota final e progresión

O sistema de avaliación coincide na mesma área?

Actividades na aula		1	2	3
1	O alumnado traballa nas clases:			
	- De forma individual.			
	- Por parellas			
	- En grupos reducidos.			

	- En grupos grandes.			
2	As tarefas propostas son:			
	- Pechadas, dirixidas, do libro, etc.			
	- Abertas, procedimentais, diversas, proxectos...			
	- Facilitan o traballo cooperativo.			
3	Metodoloxía:			
	- Utilízanse ferramentas TIC.			
	- Propóñense actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma.			
	- Baséase nas explicacións teóricas e no libro.			
4	As horas lectivas desenvólvense:			
	- Conseguido silencio.			
	- Impartindo teoría e explicacións.			
	- Respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas.			
	- Observando.			
	- Corrixindo ao alumnado de maneira individual.			
	- Corrixindo ao alumnado de maneira colectiva.			

Instrumentos de recollida de datos.

Follas de rexistro (para os aspectos máis cuantificables), diario de aula, cuestionarios para o alumnado, rúbrica de autoavaliación (para cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos)

Procedemento: en que momento utilizar cada un (ao finalizar cada unidade ou cada trimestre, quen participa, tipo de análise dos datos obtidos...

Estes últimos identificarán as áreas de mellora para poder introducir cambios na programación, adaptándoa así ás necesidades do alumnado.

XIII- ACCIÓNS PARA A CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

A Programación seguirá as directrices marcadas polo Plan de Convivencia do centro que se derivará da futura Lei de Convivencia.

XIV- RELACIÓN COAS DIRECTRICES DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

A presente Programación está relacionada coas directrices da CCP dos cursos anteriores. Adaptarase ás directrices marcadas pola Comisión neste curso

XV- VERIFICACIÓN DE CUMPRIMENTO CO ESTABLECIDO NO CURRÍCULO (VERIFICACIÓN DE IDONEIDADE).

Esta programación conta coa verificación conforme *cumple co establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo de ESO e Bach en Galicia. E a resolución do 27-7-15 (DOG do 29), coas instrucións para a implantación no curso 2015-16 (en 1º e 3º de ESO) e a resolución do 15 de xullo de 2016 no curso 2016-17 para segundo e cuarto de ESO .*

XVI- PROFESORADO QUE IMPARTE A MATERIA

Reunidos os membros deste Departamento Didáctico en xuntanza ordinaria o venres 16 de setembro, acordan aprobar a presente programación didáctica e entregar unha copia da mesma á xefatura de estudos para que se anexe ao Proxecto Curricular do Centro.

En 1º e 2º, e no Agrupamento Específico imparte docencia a profesora Xulia Marqués, con 17 horas de clase. Sendo xefa do Departamento de Dinamización Lingüística

En 3º e 4º a profesora Esther Facal Méndez, con dúas horas de reforzo en 1º B , sendo a Xefa do Departamento. Neste curso é tamén quen imparte a materia de libre configuración Igualdade de Xénero, en 2º. As horas de docencia son 16.

XULIA MARQUÉS

ESTHER FACAL MÉNDEZ

Vedra, 1 de outubro de 2018